

PLANO DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO

A formación universitaria ten entre as súas finalidades preparar ao estudiantado para a sociedade do coñecemento e outorgarlle as ferramentas que lle faciliten a súa inserción no mundo laboral e senten as bases da súa aprendizaxe ao longo da vida. A educación superior non só se limita ao traballo do alumnado no recinto das aulas universitarias, senón que se estende a calquera actividade formativa necesaria para facer fronte ás diferentes transicións académicas e profesionais que se dan na vida das persoas, como consecuencia das cambiantes demandas sociais, económicas e culturais que nos toca vivir.

Ley Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades: Art. 46: “el asesoramiento y asistencia por parte de profesores y tutores en el modo que se determine es un **derecho** del estudiante universitario”

No momento presente, a universidade española debe facer fronte a estes desafíos nun contexto académico europeo. A nosa entrada no Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES) lévanos, inevitablemente, a cambiar certos hábitos que se foron instaurando no noso modo de facer docencia universitaria e o noso modo de estudar na universidade.

O novo escenario universitario implica un cambio no modelo de profesor, cuxo papel pasa de transmisor de coñecementos a formador e orientador, e do perfil estudantil, que deixa de ser axente pasivo e convértese en protagonista principal da súa aprendizaxe. Todo isto supón cambios na planificación e organización da docencia do profesorado universitario e a necesidade de desenvolver unha maior autonomía e responsabilidade entre o colectivo estudantil. Sen dubida un deses cambios é o referido á función titorial universitaria.

O Plano de Acción Titorial (PAT) coordinado dende a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade de A Coruña (UDC) forma parte xa da Facultade de Ciencias do Traballo e supón un esforzo máis de coordinación do PAT no proceso de implantación dos títulos de grao dentro do Espazo Europeo de Educación Superior.

A oferta de titulacións actual é a seguinte:

- Un estudo de Grao: Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- Dous mestrados oficiais: Mestrado en Xestión e Dirección Laboral e Mestrado en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns.

1. ANÁLISE DE NECESIDADES

A nosa facultade é un centro de tamaño pequeno tanto polas titulacións impartidas como polo número de alumnos matriculados, o que facilita a integración do estudante na universidade e no propio centro. Facendo referencia aos Plans de Acción Titorial e aos datos estatísticos de grao dos cursos anteriores publicados na UDC podemos destacar:

- Procedencia xeográfica. Una alta porcentaxe dos nosos alumnos son da provincia, e destes, unha porcentaxe importante da comarca de Ferrol.
- O perfil multidisciplinar do alumnado. Aínda que as titulacións ofertadas sexan valoradas de cara ao futuro profesional, dende o PAT somos conscientes do esforzo engadido en termos de motivación que teñen que levar a cabo os profesores do noso centro, sobre todo os de primeiro e segundo curso, debido á diversidade de formación que traen consigo os alumnos (procedentes moitos deles de distintas opcións do bacharelato) e de ciclos formativos superiores.
- O actual contexto de crise económica está creando problemas para facer fronte ás taxas universitarias, ao pagamento da manutención (alugueiro, transporte e comida) así coma outras necesidades.

Neste sentido, estamos plenamente convencidos de que o PAT ten un papel fundamental facendo especial fincapé na integración e implicación do alumno na universidade, así como en motivar e fomentar o gusto polo estudo elixido. Así mesmo o PAT está servindo tanto para detectar situacións de necesidade de alumnos como para corrixir as mesmas. Podemos afirmar que o Plan de Acción Titorial da Facultade de Ciencias do Tráballo participa na mellora da calidade do servizo público de ensinanza universitaria en xeral e dos indicadores de calidade da UDC en particular.

2. METAS E OBXECTIVOS

Os obxectivos propostos para o PAT da Facultade de Ciencias do Tráballo son:

1. Facilitar a adaptación e integración do alumnado de novo ingreso na titulación de grao do centro.
 - 1.1. Fomentar o diálogo alumno/a-docente.
 - 1.2. Informar sobre aspectos básicos das titulacións e as implicacións do marco do EEES.
 - 1.3. Proporcionar información sobre todas as actividades e propostas formativas expostas polo centro e a UDC (cursos, conferencias, complementos formativos, actividades deportivas).
2. Facilitar a familiarización do alumnado co funcionamento do centro (órganos regulamentarios, espazos, infraestruturas), así como cos servizos e recursos da UDC.
 - 2.1. Impulsar a participación do alumnado na vida universitaria (seminarios, cursos, actividades deportivas e outras actividades organizadas polo centro ou universidade), programas de participación dos estudantes na comunidade universitaria, intercambio e voluntariado, e tamén nos órganos de xestión.
 - 2.2. Implicar aos alumnos no goberno da universidade mediante a participación nas eleccións universitarias.

3. Atender e canalizar a quen corresponda institucionalmente os posibles problemas ou dificultades detectados polos alumnos na súa vida universitaria e académica no centro.

3.1. Recoller as inquedanzas (e mesmo as queixas) dos alumnos do centro en relación ao funcionamento do centro, profesores, guías docentes, ... Esta información entregárase ao decano do centro para a súa xestión.

3.2. Atender as necesidades do alumno matriculado no Traballo Fin de Grao (TFG) que así o requira para levar as incidencias a comisión de Organización Académica por parte do coordinador do PAT da facultade.

4. Proporcionar ao alumnado ferramentas de traballo e estudo que lle permitan aproveitar ao máximo as súas capacidades individuais.

4.1. Detectar e xestionar xunto co Servizo de Atención a Diversidade da UDC situacións de necesidades educativas especiais apoiando dende o PAT ós alumnos de forma máis personalizada.

4.2. Orientar nas estratexias máis axeitadas para a configuración do seu curriculum universitario (planificación da matrícula do vindeiro curso, bolsas, cursos de idiomas, cursos de verán, etc).

5. Ofertar formación complementaria, transversal, opcional e gratuita. A oferta realizada tenta dar resposta ás necesidades dos alumnos naquelas aptitudes, materias e ferramentas de carácter transversal útiles para o desenvolvemento da profesión, complementando a oferta formativa oficial do Grao impartido na propia Facultade. Entre estas necesidades estarían:

5.1. O manexo de ferramentas (informáticas, de xestión de contidos, etc.)

5.2. A formación en habilidades sociais (xestión de equipos, coñecemento do grupo de traballo, roles, resolución de conflitos, etc.)

5.3. A inserción laboral (elaboración de CV, entrevistas, xestión de recursos de inserción...).

6. Orientar ao alumnado na configuración do seu proxecto profesional e na súa incorporación ao mercado laboral.

6.1. Informar sobre a titulación e o seu significado no mercado laboral.

6.2. Axudar a elaborar e revisar as súas aspiracións académicas e profesionais.

3. RECURSOS

O noso recurso fundamental é humano. O equipo de tutores está formado por docentes dos distintos departamentos con docencia na facultade. Cada curso académico farase unha convocatoria aberta aos docentes da facultade presentando o PAT e os obxectivos fixados. A participación dos tutores académicos é voluntaria e será certificada como mérito específico conforme á normativa xeral que establece a UDC.

Co obxecto de dar unha continuidade á relación alumno-tutor, a asignación de tutor académico manterase ata que o alumno acabe os estudos, aínda que se permitirán cambios na mesma en situacións especiais.

No que respecta á formación para a acción tutorial promoverase a participación nos cursos desenvolvidos pola UDC e valorárase a posibilidade de realización de cursos específicos no centro en colaboración co CUFIE, o SAPE e outras entidades que desexen colaborar.

O coordinador de PAT da Facultade será un docente que pola súa experiencia teña coñecemento da titulación e do perfil dos alumnos da mesma e contará para desenvolver os obxectivos e actividades do PAT, coa colaboración dos Titores-Docentes

Os **Titores-Docentes** serán o punto forte do PAT. Cada titor será coñecedor dos seus alumnos titorizados cada ano académico e, se for posible, cada titor seguirá cos seus grupos de alumnos ata a finalización dos estudos.

O labor do/a titor/a-docente é fundamental no primeiro curso de grao xa que debe quedar establecido o vínculo entre o titor e o estudante. A partir do primeiro curso a comunicación en termos xerais pasa a ser máis virtual que presencial e incluso queda a iniciativa do propio alumno. Por outra banda, dende o equipo coordinador do PAT cremos que os/as alumnos/as de cuarto de Grao necesitan titorías máis presenciais e personalizadas tendo en conta a elaboración dos traballos fin de grao (TFG) e as dúbidas de cara á inserción laboral.

Segundo a planificación prevista as necesidades serán de 5 titores-docentes para cubrir primeiro de grao, 1 titor-docente específico para os grupos de 4º de grao. Outros titores estarán dispoñibles para cubrir as titorías de 2º e 3º de grado.

4. AXENTES

A Universidade da Coruña, a través do CUFIE, marca unhas directrices básicas e coordina o PAT dos centros. Ademais, os diferentes servizos da universidade proporcionan información e asesoramento sobre os ámbitos que lles competen.

Dentro do centro e, co apoio dos equipos directivos, os principais axentes son: o estudante, o Coordinador do PAT e os Titores Docentes.

FUNCIÓNS DO COORDINADOR DO PAT NA FACULTADE:

- Coordinar o Plan de Acción Titorial da facultade de Ciencias do Traballo da UDC.
- Facer visible o PAT para profesores e alumnos mediante correos electrónicos, publicidade nas pantallas do centro, páxina web do centro, taboleiro de anuncios, trípticos, etc.
- Convocar ás reunións de carácter xeral aos/as Titores/as-Docentes alomenos unha por cuadrimestre.
- Presentar os datos da avaliación final dos alumnos, recollidos e analizados previamente polos Titores/as Docentes.
- Recoller na acta correspondente os resultados das devanditas reunións cos titores.
- Canalizar cara quen corresponda (decanato do centro, coordinación universitaria do PAT,...) as necesidades e problemas detectados, así como posibles alternativas de solución.
- Facilitar o enlace das enquisas de avaliación final do PAT e enviar un informe final á coordinación universitaria.
- Achegar aos titores información sobre a formación ofertada pola UDC interesante para o labor titorial.
- Xestionar os problemas de conflito titor-titorando.
- Comunicar á vicerreitoría a listaxe de titores para que se extendan as correspondentes certificacións.

FUNCIÓN DO TITOR-DOCENTE:

- Axudar ao alumno a deseñar a súa traxectoria curricular. Esta función esixirá unha serie de entrevistas individuais co alumno de cara a orientar e planificar o vindeiro curso.
- Asistir ás reunións de coordinación de titores convocadas polo coordinador do PAT.
- Convocar en tempo e forma as reunións cos seus alumnos, tendo especial coidado na elección de día e hora para que sexa compatible co horario dos estudantes.
- Establecer cos alumnos tutelados unha vía de contacto (por e-mail, por exemplo) e solicitarlles os datos que se consideren importantes desenvolver no labor tutorial.
- Comunicar ao Coordinador as deficiencias detectadas nos procesos de ensino aprendizaxe e avaliación.
- Asistir, na medida do posible, a cursos de formación en acción tutorial ofertados.
- Atender aquelas dúbidas que xurdan nas reunións cos estudantes.
- Facer un seguimento do proceso que inclúe unha avaliación final por curso e grupo.

Funcións que **NON** corresponden ao titor:

- **Non é un portal administrativo**, é informativo.
- **Non é o Defensor da Comunidade Universitaria**, senón o enlace entre o alumno e a institución.
- **Non é un consultor psicolóxico**, xa hai un centro específico na universidade.
- **Non debe solucionar problemas persoais de alumnos en relación con outros profesores**, aínda que sí detectar disfuncións coas guías docentes das materias (GADU).
- **Non debe xestionar administrativamente a matrícula dos estudantes**, aínda que é recomendable o asesoramento no seu itinerario curricular.

FUNCIÓNS DOS ESTUDANTES

- Participar de forma voluntaria e activa no Plano de Acción Tutorial da Facultade.
- Facilitarlle ao seu titor-docente aquela información de contacto que este lle solicite.
- Participar nas reunións de grupo e individuais convocadas polo titor ou, no seu caso, xustificar a imposibilidade de asistencia.
- Aproveitar as posibilidades que lle ofrece o Plano de Acción Tutorial para mellorar.

5. MODELO ORGANIZATIVO

5.1 PARA GRAO

O modelo exposto para os alumnos de novo ingreso céntrase na potenciación da relación titorial individual e grupal.

A cada titor asignaráselle un grupo de alumnos, aínda que se permitirá o cambio de asignación dentro dos mesmos se os alumnos ou titores o solicitan.

Cada alumno reunirse co titor polo menos tres veces ao longo do curso: a primeira convocatoria de benvinda e presentación do PAT, logo dos resultados do primeiro cuadrimestre, e ao final do segundo cuadrimestre, momento en que se avaliará o PAT.

Cada alumno poderá expor ao titor individualmente calquera cuestión ligada co ámbito propio da relación titorial. Así mesmo haberá contactos entre o titor e os alumnos cada vez que se considere oportuno, usando as canles de comunicación definidas na primeira reunión.

A presentación do PAT realizarase dentro da xornada de acollida da facultade aos alumnos de novo ingreso. O/A Coordinador/a do PAT presentará:

- as funcións básicas do Plan de Acción Titorial no EEES e a organización do PAT da facultade.
- aos titores-docentes.

A partires deste momento cada titor convocará a primeira reunión (ver cronograma).

CRONOGRAMA

Actividade	Responsable	Datas
Presentación do PAT	Decanato e Coordinador do PAT	Xornada de acollida
Reunión cos alumnos	Coordinador	Outubro
1ª Reunión de coordinación con titores	Coordinador e titores	Novembro
1ª Reunión con alumnos	Titores	Decembro
2ª Reunión con alumnos	Titores	Marzo
2ª Reunión de coordinación con titores	Coordinador e titores	Abril
3ª Reunión con alumnos. Avaliación	Titores	Maio
3ª Reunión de coordinación con titores	Coordinador e titores	Xuño
Elaboración do PAT para o seguinte curso	Coordinador	Xullo

A primeira reunión é fundamental xa que, ademais de establecer a forma de contacto cos alumnos, o titor ten a función de presentar os obxectivos do PAT, detectar as primeiras dificultades de integración na universidade e atender ás súas principais dúbidas sempre dentro dun marco de confianza. Tras este primeiro contacto potenciarase a utilidade da titoría individual (persoal ou virtual).

Despois dos exames do primeiro e segundo cuadrimestre as reunións de titor- alumno son esenciais para analizar a marcha do curso, detectar posibles erros no deseño do traballo e buscar, se é necesario, estratexias que permitan corrixir os defectos detectados co fin de mellorar os resultados académicos.

A fase final do curso, na que hai que tomar decisións sobre o ano seguinte, esperamos que sexa unha época de gran actividade titorial.

Finalmente realizarase unha avaliación do PAT por parte do alumnado e dos titores sempre coa finalidade de detectar disfuncións e tentar de mellorar o PAT ata conseguir que sexa valorado e utilizado activamente polo alumnado.

No que respecta ao alumnos que continúan no PAT, estes seguirán tendo os titores asignados inicialmente. O contacto con eles será vía internet ou con entrevistas persoais a demanda do alumno.

En definitiva, o PAT expónse con catro liñas de acción fundamentais:


- Acción tutorial propiamente dita.
- Accións de difusión para informar e motivar a participación no PAT tanto dos docentes como dos alumnos: captación de alumnos e titores, folletos do PAT, etc.
- Xeración dun sistema estable de comunicación entre titores e alumnos (correo electrónico, páxina web do centro, páxina web da UDC, etc).
- Finalmente, tendo en conta a chegada de novos alumnos, potenciarase a incorporación de novos titores ao PAT así como de favorecer a labor dos alumnos de 4º curso como medio de integración no centro.

5.2 PARA MESTRADOS

Para mestrados continuaremos co modelo que ata o momento funcionaba. Os titores do mestrado son específicos para os alumnos matriculados en calquera dos mestrados oficias que ofrece a facultade, o que facilita a comunicación e teñen un vínculo importante co grupo.

O titor empeza a súa acción moito antes da matrícula, solucionando dúbidas sobre cuestións curriculares e organizativas cando empeza a preinscrición. Segue ao alumno os pasos e axúdalle nos diferentes trámites. Unha vez incorporado o titor de mestrado segue sendo o referente ao que acoden os alumnos á hora de tomar decisións académicas ou planificar a súa incorporación ao mercado laboral ao terminar os seus estudos.

Creemos que non é preciso pautar unhas reunións grupais pois o perfil do alumnado é diferente ao do grao e, con eles, o funcionamento a demanda da acción tutorial, en grupo ou individual, está funcionando satisfactoriamente.



6. AVALIACIÓN.

A avaliación do plano polos estudantes terá lugar ao finalizar a docencia do curso de Grao, ou nos últimos días da súa impartición, por cuestións organizativas. Realizarase seguindo o modelo que usa a universidade e as enquisas propostas dende o PAT da UDC.

Os datos obtidos do cuestionario serán usados na reunión final de coordinación de titores, de onde sairán as liñas mestras do informe de avaliación final. Este conterá necesariamente propostas de mellora para experiencias posteriores.

Con toda esta información o coordinador elaborará un novo Plano de Acción Tutorial para o curso seguinte. Presentará finalmente o novo plano a o responsable decanal para facer as observacións oportunas antes da redacción final e será aprobado en Xunta de Facultade.